



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

M^a LORETO LÓPEZ FERNÁNDEZ, SECRETARIA DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, A CORUÑA

CERTIFICO: Que o Sr. alcalde do Concello de Malpica de Bergantiños, con data 14/07/2023, ditou a seguinte Resolución 426/2023 que literalmente se transcribe:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: FIXACIÓN DO DÍA E HORA DE CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, MANDATO 2023-2027

EXPEDIENTE: 2023/X999/000243

Visto o establecido no art. 46.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; os arts. 210 e ss da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; arts. 46 e ss do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións vixentes en materia de Réxime Local e os arts. 112 e ss do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

Visto o acordo adoptado polo Pleno da corporación en sesión extraordinaria de data 13/07/2023 no que se establece que a Xunta de Goberno Local celebre sesión ordinaria cada quince días.

É polo que á vista do exposto e en uso das facultades que me confire a lexislación vixente,

RESOLVO:

Único: Que a Xunta de Goberno Local celebre sesión ordinaria os venres da semana que corresponda, ás doce horas (12:00 horas). Non obstante a celebración da mesma poderá adiantarse ou atrasarse ao primeiro día hábil laborable anterior ou posterior no caso de que o venres coincida cun día inhábil ou non laborable, podendo variarse neste caso a hora da convocatoria.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M^a Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo). ”

E para que así conste expido o presente de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde, en Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe pola secretaria, M^a Loreto López Fernández e o Sr. Alcalde, D. Eduardo J. Parga Veiga.